




## *Peltigera collina* (Ach.) Schrad.

Podemos atopalo en troncos musgosos de árbores vellas de folla caduca (foto 1), en bosques húmidos, e ás veces tamén sobre os musgos das pedras.

Talo foliáceo de cor gris-azulada (fotos 1, 2) cando está seco, e negruzco cando está húmido. Ten grandes lóbulos redondeados de 0,5-2 cm de ancho (fotos 3, 4) con marxes onduladas cubertas de sorais azulados e granulosos (fotos 3, 4) que ás veces esténdense por riba do talo. Cara inferior pálida con veas difusas. Apotecios raros.

Esta especie pode diferenciarse ben no campo das outras especies do xénero *Peltigera* por ser a única que ten sorais nas marxes dos lóbulos.

Fotobionte: cianobactéria do xénero *Nostoc*.

Reaccións: todas negativas.